

PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2021-2022

➤ Normativa reguladora do proceso de admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos:

-DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 26-12-2012).

-ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 15-03-2013).

-ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 01-02-2017).

-ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 15-03-2013). (código de procedemento ED550A e ED550B) (DOG do 22 de decembro).

➤ Prazo de presentación de solicitudes de admisión: do 1 ao 22 de marzo, ambos os dous incluídos.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Deberán presentar no colexio a **solicitud** segundo modelo oficial (Anexo II) que lles será facilitada no centro, tamén poderán descargala dende a nosa páxina web www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixalbo

ou dende a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada> (Modelo ED550B). e da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na dirección <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/32849> .

Tamén poden acceder á aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>, alí poden cubrir o impreso, logo imprimilo e entregalo no centro debidamente asinado. Tamén poden presentalo electronicamente.

Nesta solicitude poderán indicar, por orde de preferencia, ata seis centros, que serán considerados posteriormente, no caso de que neno/a non se admita no centro.

Acompañarán á solicitude:

1. Orixinal ou copia cotexada do DNI do alumno/a (se o ten), e dos seus pais.
2. Orixinal ou copia cotexada do libro de familia.
3. Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos para o curso para o que solicita praza (só para alumnado de primaria).
4. Certificado de empadramento da unidade familiar.
5. Certificado médico.
6. Fotocopia da tarxeta sanitaria.
7. Tres fotos.

A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais.

No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, **a resolución xudicial correspondente** para o seu cotexo polo centro educativo.

➤ **Tal e como marca a normativa vixente, recordamos:**

1º. Que cada alumna e alumno **só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar**, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. Que o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º. Que o alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

- **Prazo de presentación, se é o caso, da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados:** 10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.
- **Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos:** antes do **25 de abril**. Prazo de reclamacións das listaxes provisionais: (cinco días hábiles posteriores á publicación das mesmas) do 26 de abril ao 30 de abril.
- **Publicación definitiva das listaxes de admitidos e excluídos:** antes do **15 de maio**.
- **Prazo de formalización da matrícula:** do **20 ao 30 de xuño**.

**SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS POLO CENTRO:
TRANSPORTE ESCOLAR E COMEDOR**

**CENTRO DE SECUNDARIA AO QUE ESTÁ ADSCRITO O NOSO CENTRO:
IES UNIVERSIDADE LABORAL.**

ESCOLAS DE ED. INFANTIL ADSCRITAS AO NOSO CENTRO: Taboadela-Noalla-Santa Cruz.

ÁREA DE INFLUENCIA:

Rúa Ponte Sevilla, Rúa de Seixalbo, Seixalbo, Bemposta e Cumial, do Concello de Ourense.

Concello de San Cibrao Das Viñas - Concello de Taboadela - Parte do Concello de Paderne.

Para aclarar calquera dúbida que se presente, contactar co Centro.

SEIXALBO, 26 DE FEBREIRO DE 2021.

A DIRECTORA:

Asdo.: María José Feijoo Álvarez.